

# Proceso de participación no SARGA

1. Selección da zona que se desexa mostrear (O Grove, A Limia, etc).
2. Contactar co coordinador e concretar a cuadrícula UTM a mostrear.
3. Establecer as mostraxes que se desexan realizar en función dos hábitats e especies presentes e a dispoñibilidade do voluntario.
4. Determinar os lugares exactos de mostraxe que se desexan visitar en función dos hábitats e especies presentes e a dispoñibilidade do voluntario.
5. Determinar os tipos de mostraxe que se realizaran en cada lugar de mostraxe.
6. Realizar as mostraxes (ver páxinas seguintes).
7. Introducir os datos das fichas de campo na base de datos do proxecto.
8. Enviar esta base de datos ó coordinador xeral.

## Para cada Punto de mostraxe

1. Anotar o código da charca, caracterizala, describir o hábitat e vexetación circundante e as posibles ameazas.
2. Tomar as coordenadas da charca, regato ou punto de mostraxe cun GPS ou a través do mapa (con precisión superior a 100 m.).
3. Anotar as condición meteorolóxicas e a hora de inicio.
4. Realizar a mostraxe:

### ***Triturus* – Mostraxe diurno de charcas:**

- Realizar a busca de individuos visualmente ou mediante o uso dunha rede.
- Contabilizar as pasadas de rede e pedras levantadas.
- Anotar as especies atopadas así como o seu estadio (adultos, larvas, etc) e o número.

### ***Chioglossa* – Mostraxe diurno de ríos e regatos:**

- Mostrear un tramo de regato de máis de 100 metros de lonxitude levantando pedras.
- Realizar un mínimo de tres puntos de mostraxe con rede ou coador.
- Contabilizar as pasadas de rede e pedras levantadas.
- Anotar as especies atopadas así como o seu estadio (adultos, postas, etc) e o número.

### ***Hyla* – Escoitas nocturnas de anuros cantores:**

- Realizar unha espera de 5 minutos.
- Anotar as especies escoitadas, o código Wisconsi (ver ficha) e o seu número.

5. Rematar de anotar os datos que non foron tomados, así como a hora de remate.
6. Realizar unha fotografía representativa da charca ou do regato.

## Para cada Tramo de mostraxe

1. Anotar o código da percorrido, describir o hábitat e vexetación circundante e as posibles ameazas.
2. Tomar as coordenadas do punto de inicio cun GPS ou a través do mapa (con precisión superior a 100 m.).
3. Anotar as condición meteorolóxicas e a hora de inicio.
4. Realizar a mostraxe:

### ***Salamandra* – Transectos nocturnos de anfibios:**

- Seleccionar unha zona de interese para a busca de anfibios.
- Realizar a busca de individuos visualmente (uso de lanterna) ó longo dun transecto.
- Anotar as especies atopadas así como o seu estadio (adultos, posta, etc) e o número.

### ***Lacerta* – Mostraxe diurno de réptiles:**

- Mostrear un tramo de máis de 100 metros de lonxitude levantando pedras.
  - Realizar un mínimo de tres puntos de mostraxe con rede ou coador.
  - Contabilizar as pasadas de rede e pedras levantadas.
  - Anotar as especies atopadas así como o seu estadio (adultos, postas, etc) e o número.
5. Tomar as coordenadas do punto de finalización cun GPS ou a través do mapa (con precisión superior a 100 m.).
  6. Rematar de anotar os datos que non foron tomados, así como a hora de remate.
  7. Realizar unha fotografía representativa do transecto.